

2



Ollos abertos

### Nacidos para ser libres


Os seres humanos nacemos para ser libres e desexamos vivir en liberdade. Pero ás veces algúns homes poderosos fan escravos a outros e sométenos a pesados traballos.

#### Mulumba

Mulumba vivía feliz nun poboado africano cos seus pais, os seus irmáns e os seus compañeiros. Un día, xogando, afastouse do poboado; entón apresárono e levárono prisioneiro a un país estraño. Alí comproun por uns poucos dólares un señor branco que o levou traballar á súa plantación de algodón. Mulumba choraba pensando na súa familia, nos seus amigos, no poboado.

Como era un rapaz listo e de bos sentimentos, axiña gañou o aprecio de todos. O seu amo tiña un fillo da súa mesma idade, Cristian, que lle colleu moito cariño. Mulumba contoulle todo o que lle pasara; faláballe dos seus pais e irmáns, dos amigos e do seu desexo de volver ao seu país.

Cristian prometeulle que lle daría a liberdade cando el fose maior e herdase as terras do seu pai e os escravos. Ao cabo dos anos Cristian cumpriu a súa promesa. Mulumba casou cunha rapaza da súa mesma raza e formou unha familia. Aos seus fillos díxolles que lle debían estar sempre moi agradecidos a quen lle dera a liberdade.



- ▶ ¿Que che parece esta historia? ¿Que é o que máis che chama a atención dela?
- ▶ Aínda hai agora moitos nenos escravos ou sometidos a traballo infantil. Busca información sobre iso.



## Mirada penetrante

### De escravos a libres

Ser libre é algo moi fermoso que todos desexamos, sobre todo cando nos sentimos escravos e o somos.

#### ■ Ser escravo significa...

- 
- 
- 
- 
- 
- 

▶ ¿Que é de todo isto o que facía sufrir máis a Mulumba?

▶ Ser libre é algo moi fermoso que todos desexamos. ¿Por que Cristian quería facer libre ao seu amigo?



## Oídos atentos

### Da escravitude á liberdade

Deus creou o home para ser libre e non quere que sexa escravo de ninguén. Por iso, cando o pobo de Israel foi escravo en Exipto, axudoulle a conseguir a liberdade:

■ 1 ■

Israel foi oprimido polos exipcios e tratado coma un escravo.



■ *Asignáronlles capataces co fin de oprimilos con traballos forzados... Os exipcios asoballáronos con fera opresión. Amargáronlles a vida con toda sorte de traballos, impostos con brutalidade. (Éx 1,11-14)*

■ 2 ■

O Señor escoitou os lamentos do seu pobo e envioulles a Moisés para que os sacase de Exipto.



■ O Señor díxolle a Moisés:

-Teño visto as miserias do meu pobo en Exipto, oín as súas queixas contra os seus opresores... Vou baixar a liberalo do poder dos exipcios, sacalo daquela terra... Anda, eu envíote. (Éx 3,7-10)

■ 3 ■

Deus prométtelle ao pobo de Israel que lle dará unha terra onde poderán vivir coma persoas libres.



■ Deus díxolle a Moisés:

-Vou sacalo daquela terra e levalo a unha terra boa e largacía, terra que deita leite e mel. (Éx 3,8)

■ 4 ■

O Señor fixo grandes marabillas en favor do seu pobo para sacalos de Exipto.



- O Señor amouvos... e sacouvos de Exipto con man poderosa e librouvos da escravitude e do poder do Faraón, rei de Exipto. (Dt 7,8)

■ 5 ■

Deus axúdalle ao seu pobo a superar as dificultades do deserto: fame, sede, ataques doutros pobos...



- Acórdate que foi El quen te fixo camiñar polo deserto grande e terrible... Foi El quen fixo saír para ti auga da pedra de granito. Foi El quen che deu a comer no deserto o maná. (Dt 8,15-16)


■ 6 ■

Deus axúdalle ao seu pobo a conquistar a terra prometida.



- Leváchelos á terra que prometeras dar en propiedade aos seus pais... Eles ocuparon casas cheas de toda clase de bens, pozos, viñedos, oliveirais e árbores froiteiras en abundancia; e comeron, saciáronse..., recreáronse na abundancia dos teus bens. (Neh 9,22-25)

Así o pobo de Israel foi sempre consciente de que, grazas á axuda do Señor, foi liberado da escravitude e alcanzou a verdadeira liberdade.



¿Que fixo Deus en Exipto polo seu pobo?  
\_\_\_\_\_

¿Como o protexeu no deserto?  
\_\_\_\_\_

¿Como lle axudou na terra prometida?  
\_\_\_\_\_



## Memoria esperta

### A liberación do pobo de Israel

A Igrexa recorda sempre a liberación do pobo de Israel da escravitude de Exipto coma un dos grandes acontecementos da historia da salvación de Deus. Invítanos a recordala e celebrala.

- **¿Como vivían os israelitas en Exipto?** patriarcas nas súas peregrinacións... é fiel ás súas promesas e vén para librar aos seus descendentes da escravitude. (CÉC 205)
- **¿Que fixeron os israelitas?**
  - Fiel á súa palabra, Deus coidou do seu pobo, gardouno como á meniña dos seus ollos. (ENF p. 14)
- **¿Que fixo Deus en favor do seu pobo?**
  - O Deus dos pais... que guiara aos



## Mans activas

### As nosas escravitudes

Hoxe segue habendo entre nós escravos, persoas oprimidas e maltratadas. O Señor pídenos que lles axudemos a alcanzar a verdadeira liberdade.

#### ■ Escravitudes actuais

**Milimbo** é un senegalés que chegou a España nunha patera. Deulle traballo un home nun invernadoiro. Como sabe que está de ilegal en España, aprovéitase del: faino traballar moitas horas e págalle moi pouco... Dille, que se protesta, que o denuncia e que o botan de España. Así o pobre Milimbo tén que aguantar todo, pois necesita diñeiro para comer e para mandar á súa pobre familia do Senegal.

**Adrián** é un neno de primeiro da ESO. Os seus papás danlle cada semana a súa "paga". Pero hai unha cuadrilla de maiores, que abusan del, péganlle e sobre todo quítanlle todo o diñeiro que leva. Ameázano cunha malleira se lle di algo ao Director ou aos seus pais. Adrián tenlles tanto medo que lles dá todo o diñeiro e tén bo coidado de non dicir nada a ninguén.

- ▶ ¿Que che parecen eses casos? ¿Por que suceden esas cousas?
- ▶ ¿Coñeces algunha situación parecida?

#### ■ Outras escravitudes

Existen na actualidade outras moitas formas de escravitude:

- Persoas dependentes da droga, o alcohol, o tabaco, o xogo...
- Nenos, mulleres, anciáns que sofren malos tratos...

- ▶ ¿Que podemos facer nós para axudarlles a estas persoas?
- ▶ ¿Que persoas coñeces que o estean a facer?



#### ■ As nosas escravitudes

Tamén nós temos as nosas escravitudes:

- A preguiza, o mal xenio...
- A televisión, os videoxogos, a playstation ou a gameboy...
- A música, o deporte, a roupa de marca, o que din os compañeiros...

- ▶ ¿Son eu escravo dalgunha destas cousas?
- ▶ ¿Que podo facer para liberarme delas? ¿Como e en que me poden axudar os membros do grupo?

#### ■ Deus dinos isto

Facede xustiza aos pobres e aos orfos, dade o seu dereito aos humildes e aos pobres; librade aos oprimido e indixentes da man dos malvados. (Sal 82,3-4)

- ▶ ¿Que pensas destas palabras? ¿A que nos comprometen?
- ▶ ¿Como confiamos na axuda de Deus para superar as escravitudes?